



MASTER
**“ESTUDOS INGLESES AVANZADOS:
INTERPRETACIÓN TEXTUAL E
CULTURAL DAS SOCIEDADES
ANGLÓFONAS CONTEMPORÁNEAS”**
POLA UNIVERSIDADE DE VIGO



MÁSTER
 “ESTUDOS INGLESES AVANZADOS:
 INTERPRETACIÓN TEXTUAL
 E CULTURAL DAS SOCIEDADES ANGLÓFONAS
 CONTEMPORÁNEAS”
 POLA UNIVERSIDADE DE VIGO

O máster en ‘Estudios ingleses avanzados: interpretación textual e cultural das sociedades anglófonas contemporáneas’ ofrece un período de formación de posgrao que proporciona unha formación avanzada e interdisciplinar, de carácter especializado, orientada a identificar a pluralidade e diversidade na investigación de temas fundamentais no ámbito lingüístico, socio-cultural e literario-artístico das sociedades anglófonas contemporáneas.

OBXECTIVOS:

- Proporcionar unha introdución ás técnicas de investigación e metodoloxía para a análise de corpus, textos, discursos e produtos literarios e artístico-culturais das sociedades anglófonas contemporáneas.
- Ofrecer achegas para o estudo da complexidade lingüística e cultural das comunidades anglófonas contemporáneas, atendendo a criterios relacionados coa influencia de procesos de diacronía e evolución histórica e política, á pluralidade e diversidade características das estruturas lingüísticas, ás prácticas discursivas, aos movementos culturais, estéticos e ideolóxicos do presente.
- Afondar na multidisciplinariedade fundamental para a investigación lingüística e cultural de aspectos de relevancia nas sociedades anglófonas contemporáneas.
- Preparar para a observación crítica, a capacidade de relación e emisión de xuízos persoais informados, reflexións de relevancia ética e social no contexto das culturas anglófonas contemporáneas.

ESTRUTURA:

O máster consta de dous módulos, que proporcionan a posibilidade de adquirir unha formación especializada ben no eido da investigación literaria e cultural ou ben no eido da investigación en lingua e lingüística. O título de máster acádase nun curso académico despois de superar 60 créditos. 48 créditos correspóndense cunha escolla entre materias metodolóxicas e materias de especialización e os 12 restantes coa realización dun traballo de fin de máster. Contémplese tanto a posibilidade de cursar este máster a tempo parcial coma o seguemento virtual e/ou semipresencial.

MÓDULO ‘LITERATURA E CULTURA’

<i>Disciplinas</i>	<i>Créditos</i>
Técnicas para a elaboración de traballos de investigación literaria e cultural	6
Teorías de investigación literaria e cultural	6
Humor e comedia: perspectivas e métodos de investigación	6
Literatura infantil e xuvenil: perspectivas e métodos de investigación	6
Textos filmicos en lingua inglesa: perspectivas e métodos de investigación	3
Cine e cultura popular: perspectivas e métodos de investigación	3
Interpretación textual e cultural da modernidade: perspectivas e métodos de investigación	6
Feminismo e poscolonialismo: perspectivas e métodos de investigación	6
Seminario monográfico de especialización literaria e cultural I	3
Seminario monográfico de especialización literaria e cultural II	3
Traballo de fin de máster	12

MÓDULO 'LINGUA E LINGÜÍSTICA'

Disciplinas	Créditos
Técnicas de investigación lingüística	6
Análisis de datos na investigación lingüística	6
Modelos lingüísticos: liñas e métodos de investigación	6
Cambio lingüístico e variación na lingua inglesa: liñas e métodos de investigación	6
Lingüística computacional: liñas e métodos de investigación	3
Lingüística aplicada: liñas e métodos de investigación	3
Lingüística do discurso e a comunicación: liñas e métodos de investigación	6
Linguaxes de especialidade: liñas e métodos de investigación	6
Seminario monográfico de especialización lingüística I	3
Seminario monográfico de especialización lingüística II	3
Traballo de fin de máster	12

METODOLOXÍA:

A organización das materias en torno a módulos no só favorece a aprendizaxe das metodoloxías e teorías, así como dos principios temáticos, terminolóxicos, formais e ideolóxicos fundamentais para a introdución á investigación no ámbito dos estudos ingleses. Ademais, a meta última é que o alumnado adquira as habilidades de aprendizaxe que lle permitan continuar as súas tarefas de investigación de modo autónomo.

Outra das novidades é a introdución de créditos ECTS, que permite valorar o traballo non só en relación ás horas presenciais obrigatorias senón tamén na carga de traballo persoal, así como a titoría individualizada. Por outra parte, no contexto da revolución tecnolóxica e dixital, destacan as posibilidades que proporcionan os entornos virtuais desenvolvidos pola Universidade de Vigo, como a plataforma de teledocencia Tema, baseada na tecnoloxía Claroline (faitic.uvigo.es), ferramenta fundamental para o desenvolvemento da proposta de máster en 'Estudios ingleses avanzados' e esencial para promover a autoaprendizaxe e a interacción, permitindo a flexibilidade necesaria para a xestión e planificación do traballo en rexime semipresencial.

PROFESORADO:

O profesorado do máster esta formado por investigadoras/es de diferentes departamentos e universidades que garanten tanto a especialización como a colaboración interdisciplinar. Os módulos correspondense cos intereses investigadores do persoal docente que participa en numerosos equipos de investigación I+D. O cadro de profesorado inclúe persoal investigador das universidades do ámbito internacional coas que a Universidade de Vigo mantén acordos no marco dos programas Sócrates-Erasmus e Fulbright, así como con persoal de outros acordos bilaterais con universidades do marco europeo e norteamericano. Estes intercambios contemplan a mobilidade do alumnado para complementar a súa formación e permiten que o profesorado estableza contactos con investigadoras/es de prestixio. Neste senso, o máster contempla a colaboración directa do persoal investigador do Espazo Europeo de Educación superior, que se encargará de impartir os 'Seminarios monográficos de especialización'.

Máis información en <http://webs.uvigo.es/h04>



UNIVERSIDADE
DE
VIGO



Contacto:

Dpto. fifa
Facultade de Filoloxía e Tradución
Pavillón central (área administrativa de Departamentos)
Campus Universitario
E-36310 Vigo

Correo electrónico: [deph04 @ uvigo.es](mailto:deph04@uvigo.es)

Web: <http://webs.uvigo.es/webh04>